VIII FEIRA DA PRANTACIÓN

Organiza: A.C.D.M. BIDUEIRO

SAN SADURNIÑO

27 de Abril - 2003



Germán Castro Díaz
A Feira
San Sadurniño
15560-San Sadurniño
La Coruña

Os finalistas do concurso de carteis foron ...

1º PREMIO

Enrique Murias Fernández
11 anos
E.P. 6ºB
CPI San Sadurniño



2º PREMIO

Alba Ribeira Picos
7 anos
E.P. 2ºB
CPI San Sadurniño

3º PREMIO

Marta Sueiras López
7 anos
E.P. 2ºB
CPI San Sadurniño

INDICE:

Portada: Cartel Gañador do concurso.
(Enrique Murias Fernández)
Pax 2.- Os Debuxos Premiados.
Pax.3.- Saúdo da Directiva de
A.C.D.M. Bidueiro
Pax.4.- Breve historia da Feira da Plantación
Pax.6.- Plantas
Pax 9.- A Poda
Pax 10.- O Debuxo de Carmela - Refraneiro
Pax.15.- Fotografías da Feira da Plantación
Pax. 17.- A poesía de Mª Teresa Pouso
Pax.16.- Plantas que curan
Pax.18.- As Nosas Árbores.
Pax.20.- O mundo dos Cogomelos
Pax.22.- Contos e Pasatempos
Pax.23.- Os Participantes da Feira

O NOSO AGRADECEMENTO A:

VIVERGAL
O Vilar - Sta. Mariña do Monte
SAN DADURNIÑO
Telf. / Fax: 981 491 196
Broño - LAGO
Telf: 981 486 109

FLORGALICIA
Silvia V. Caffard Napoli
Vivero:
San Julián de Lamas
Oficinas:
Mugardos
Telf: 981 472 049

VIVEROS EL CASTRO
José Horjales
LAMAS - SAN SADURNIÑO
Telf: 981 490 236

DEPUTACION DE A CORUÑA

Diseña e Imprime:
Nova Publicidade
981 300 388

SAÚDO DA DIRECTIVA DE A.C.D.M. BIDUEIRO

Un ano máis a Directiva de Bidueiro organiza a "Feira da Plantación" da que este ano se celebra a súa oitava convocatoria. Esta asociación traballou con moitas ganas para que este acto resulte do agrado de todos pero sen a colaboración de expositores, anunciantes e distintas entidades esta feira non chegaría a bo fin.

Dende hai dous anos esta asociación convoca un concurso de carteis entre nenos e nenas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para anuncia-lo acto. Dada a calidade dos traballos presentados nesta ocasión, todos eles do CPI de San Sadurniño, o xurado decidiu otorga-los seguintes premios:

1º premio:	Enrique Murias Fernández	E.P. 6º
2º premio:	Alba Ribeira Picos	E.P. 2º
3º premio:	Marta Sueiras López	E.P. 2º

Accésits:

Adrián Fonticoba	E.I. 4 anos
Tamara Rodríguez e Rocío Espantoso	E.P. 4º
Silvia Calvo Rodríguez	E.P. 5º
J. Francisco Fernández e Alejandro López	E.P. 6º

A nosa felicitación ós premiados e o noso agradecemento a tódolos participantes.

Dende estas páxinas queremos invitarvos a visitar a "VIII Feira da Plantación" que se celebrará, durante todo o día, o domingo 27 de abril nunha carpa instalada no patio do CPI de San Sadurniño.

Aproveitamo-la ocasión para manifesta-lo noso agradecemento a tódalas persoas e entidades que coa súa axuda e colaboración fan posible a realización deste acto e a publicación desta revista.

Un saúdo e ata a vindeira edición.

A Directiva de A.C.D.M. "Bidueiro"

BREVE HISTORIA DA FEIRA DA PLANTACIÓN

A idea de facer unha feira adicada á p ntación xurdiu, alá polo ano 1996, no seo da Asociación "Bidueiro". Pretendíase conquerir un obxectivo fundamental: inculcar na xente actitudes de respecto á Natureza e o Medioambiente. Para elo considerábase moi importante iniciar ós profanos no coñecemento das plantas, o seu cultivo e coidados. Neste senso, dende a primeira edición, obsequiouse ós visitantes cunha pequena planta ou cunha pequena árbore, acompañada dun folleto no que se daba información sobre algunha delas e varios consellos. Tamén se pretendía acercar á xente do concello e de toda a comarca ós productos e novidades dos distintos productores.

O 12 de maio dese mesmo ano celebrouse a "I Mostra de Árbores, Plantas e Xardinería" na Praza do Concello de San Sadurniño. Nesa mostra podíanse atopar plantas ornamentais, árbores, sementes,abonos... Os cen primeiros visitantes foron agasallados cun exemplar de castiñeiro ou acivro.

O éxito deste evento animou á directiva da asociación a seguir traballando nel. Un ano despois, no mes de marzo, organizouse a II Mostra co mesmo éxito que na primeira.

No ano 1998 este acto cambiou de nome e pasou a denominarse *"Feira da Plantación"*. Nesta ocasión o número de participantes e de público foi moi superior ás edicións anteriores. Empezouse, entón, a barralla-la posibilidade de cambia-la ubicación porque o espacio da praza quedábase moi reducido.

A cuarta edición deste acto tivo lugar o 28 de marzo de 1999 no patio do Colexio Público de San Sadurniño. Pero, non foi esta a única novidade, pois ademais dos participantes que expoñían plantas, maquinaria, sementes,etc., tamén había unha churrería e unha pulpeira. Seguindo co costume, a tódolos asistentes se lles regalou unha planta a elexir entre taxetes,

Dado que organizar esta actividade supón un gran desembolso económico para "Bidueiro" e co fin de recadar fondos, a asociación vendía gorras co seu anagrama e camisetas co debuxo do cartel anunciador da feira.

Chegamos así ó ano 2000 e á *"V Feira da Plantación"*. No intento de seguir mellorando esta actividade e, tendo en conta a opinión da maioría dos expositores, trasladouse a data da súa celebración ó mes de maio, concretamente ese ano celebrouse o día 28 dese mes. Nesta ocasión regaláronse 500 plantas (petunias, taxetes...) acompañadas dun pequeno folleto con información variada. A asociación puxo á venda pequenas macetas de barro feitas por unha ceramista local.

IV Feira da Plantación

28/03/1999

Na edición seguinte seguiron as modificacións, sempre co obxectivo de mellora-la feira cada vez máis e de ampliala ós distintos sectores relacionados coa plantación. Dende ese ano, 2001, a data de celebración desta feira quedou fixada no último domingo de abril. *A "VI Feira da Plantación"* foi concretamente o día 29 dese mes. Ese día, coma sempre, podíase mercar calqueira tipo de planta ornamental e de xardín, árbores, sementes, abonos,etc. Pero tamén había postos de froita, allos, cestería, obxectos de madeira e artesanía en barro. Por primeira vez na súa historia, o mes anterior, convocouse un concurso de debuxo entre alumnos/as de Educación Infantil, Primaria e Secundaria dos colexios da comarca para seleccionar un debuxo que servira de imaxe para o cartel anunciador deste acto. Tódolos traballos presentados foron expostos o mesmo día no recinto feiral. Concedéronse tres premios e dous accésits que foron entregados ese mesmo día.

O día 28 de abril do pasado ano 2002 celebrouse a séptima convocatoria desta actividade.Como en anos anteriores convocouse o concurso de debuxo e regaláronse plantas ós visitantes. Nesta cita houbo novidades con respecto ás edicións anteriores. Unha delas foi a instalación dunha carpa de 600 metros cadrados. Deste xeito tanto os expositores coma o público asistente estiveron protexidos das inclemencias metereolóxicas. Ademais, de doce a unha do mediodía a inxenieira técnico agrícola Pilar Blanco Chao ofreceu unha charla sobre técnicas básicas para a plantación e coidado de diversas especies, acompañando con diapositivas a súa exposición. Como última novidade, imprimiuse unha revista, coma esta que tes nas mans, con distintos artigos e traballos sobre o mundo das plantas. Esta publicación veu a sustituir o folleto de edicións anteriores e regalábase, xunto ca planta, ós asistentes.

A organización deste evento non sería posible sen a colaboración de distintas entidades e empresarios da comarca. A todos eles o noso agradecemento e gratitude. Desexamos que esta *"VIII Feira da Plantación"* que imos celebrar o vindeiro 27 de abril sexa do agrado de todos: público e expositores.

O noso agradecemento a:

Viveiros "EL CASTRO" (Lamas - San Sadurniño)
Viveiros "FLOR GALICIA" (Camiño Arriba - Lamas - San Saduniño)
Centro de Xardinería "CHAMORRO" (O Val - Narón)
Viveiro "O POMARIÑO" (A Capela)
A.M. Floristas (Ortigueira)
Maquinaria "MAQUIGREEN" (Ferrol)
Librería "BRETEMA" (San Sadurniño)
Artesanía "THALASSOS"
Madeira e Minbre. "RAMÓN"
Maquinaria "CASIANO" (Valdoviño)
Churrería "SUSI" (Valga - Pontevedra)
Froitería "M. y L" (Narón)
Ceramista "XELA" (San Sadurniño)
Viveiros "VIVERGAL" (Santa Mariña - San Sadurniño)

Plantas

Cómo evitar que enfermen:

Se pensabas que regalar plantas cando as follas empezan a poñerse feas é suficiente para evita-las enfermidades, estás moi equivocado. A primeira norma que debes ter en conta para que as plantas estean sans é mimalas a diario, examinar atentamente as súas follas e a terra cada semana e realizar uns coidados de prevención. Mira a cor das follas e se teñen manchas ou bichos nas dúas caras así como no tronco. Debes comprobar tamén que a superficie da terra non teña restos de mofo .



Cómo defendelas da calor:

O rego das plantas cobra maior importancia durante a estación do verán. As horas do sol e da calor alónganse e as planta sofren coas altas temperaturas. Para evitar que as follas se queimen , debes de protexelas dos raios do sol directos, apartándoas da ventá, así como rega-la planta con maior frecuencia e nutrila con abono cada tres semanas.



ALGUNHAS PALABRAS CLAVES

Plantas anuais: Son plantas que florecen e morren no mesmo ano da súa semente. Son de fácil cultivo e de crecemento rápido.

Plantas bianuais: Estas plantas florecen e morren ó ano seguinte da súa plantación. Xeralmente seméntanse de xuño a agosto.

Plantas vivaces: Poden durar varios anos e florecen varias veces. Ás veces é necesario quitar algunhas para que rexuvenece-las demais.

Abono foliar: Fertilizante líquido de acción rápida que pode ser absorbido polas follas.

Acaricida: Insecticida para matar ou controlar ácaros.

Aclareo: Poda que reduce unha certa cantidade de brotes, flores ou froitos co fin de aumenta-lo vigor e a calidade dos restantes

Compost: Terra para cultivar plantas en maceta que ten unha mezcla de mantillo, area, turba e follas entre outros elementos. Tamén se lle chama así á materia orgánica formada por restos descompostos de plantas que se utiliza como abono.

Fertilizante: Substancia, orgánica ou mineral, de orixe natural ou preparada químicamente, que se engade ó terreo ou terra dunha maceta para que teña máis nutriente e mellorá-lo desenrolo das plantas.

Mantillo: Terra porosa e lixeira, moi rica en nutrientes porque contén gran cantidade de residuos vexetais. Non se emprega en estado puro para as plantas de interior, pero é moi recomendable para os exemplares grandes de exterior.

Plántula: Nova planta que nace dunha semente. Consta de raíz, talo e follas xerminais. Alcanza 6 ou 8 cm e ten un ou dous pares de follas. Debe trasladarse a unha maceta. Nas especies de horta denomínanse plantóns.

Variegado: Manchas de distintas cores, polo xeral verde e branca, das follas dalgunhas plantas.

Vástago: Planta nova e pequena que nace na base doutra planta. Utilízase con frecuencia para realiza-la multiplicación dese exemplar.

NOME	ALTURA EN CM	SOL	SEMI SOMBRA	SOMBRA	FLORACIÓN	ANUAL	BIANUAL
PENSAMENTO	13-23	Si	Si		Todo o ano		Si
TAXETES	15-90	Si			Agosto - Outubro	Si	
PETUNIA	60-90	Si			Agosto - Outubro	Si	
XERANIO	15-60	Si			Maio-Novembro	Si	
PAPOULA	45-75	Si			Agosto-Setembro	Si	Si
ALELÍ	30-75	Si	Si		Todo o Verán	Si	Si
ALEGRÍA	15-60	Si	Si		Primavera-Outono	Si	
XIRASOL	60-300	Si			Verán	Si	

I.C.P.E. Antonio Comba Pernas

Instalacións e Complementos para edificios

* Fío Musical
* Calefacción - Tarifa Nocturna
* Telefonía

Telf: 981 490 048
Móvil: 659 584 702
Gunduriz - San Sadurniño



A PODA

1- NECESIDADES DA PODA

Normalmente unha especie arbórea non necesita máis poda que a de mantemento. As podas de mantemento son esencialmente preventivas, asegurando na árbore un mellor estado sanitario e polo tanto, maior lonxevidade.

2- OBXECTIVOS

Co desenvolvemento do labor de poda búscase restablece-lo equilibrio da vexetación, dando á copa un volume que estea en consonancia co seu porte natural.

As podas de mantemento realizadas periodicamente, evitan as podas severas que hai que realizar nos casos en que a poda se abandona durante un longo período de tempo.

3- FORMAS DE REALIZA-LOS CORTES.

Hai que ter en conta os seguintes principios:

- A poda sempre é unha agresión, por ser a árbore un ser vivo.
- Non tódalas especies requiren do labor de poda e algunhas non responden ben a unha poda severa.
- A unha póla débil aplícanselle podas cortas e ó ano seguinte rebrota con máis vigor. Polo contrario, si esta póla non se poda ou se despunta, segue debilitada.
- A unha póla vigorosa aplícanselle podas longas para debilitala.
- As podas severas e drásticas reducen a esperanza de vida dunha árbore.

RAMCAR
RAMCAR SERIGRAFIA
Guillermo Lago Hermida
.-Serigrafía
.-Tampografía
.-Rotulación y grabado por ordenador.
.-Vitrificados Cerámicos.
.-Diseño Gráfico

4- CLASES DE PODA

4.1- Poda de formación

O primeiro ano coincide coa poda de transplante. É a poda que se fai sobre as frondosas e coníferas ó realiza-la plantación ou transplante.

Realizarase sobre as raíces e sobre a parte aérea.

4.2- Poda de mantemento

A poda de mantemento está orientada a:

- Eliminar chupóns.
- Eliminar pólas mortas para prever accidentes e enfermidades
- Eliminar pólas mal orientadas.
- Eliminar tocos.
- Amplia-la ventilación da copa.

As podas de mantemento anuais son lixeiras. Son exemplo delas as denominadas en "cabeza de gato", de uso común en cidades da Cornixa Cantábrica.

As podas de mantemento plurianual son máis severas, estando orientadas a reduci-la copa. Esta reducción de copa pode resultar antiestética cando se trata de elimina-las "cabezas de gato".

4.3- Podas excepcionais.

Denomínanse así as podas severas que, aínda que poden ter a súa xustificación en determinados casos, non poden ser utilizadas como métodos regulares de podas de mantemento, para reducir o volume da copa

4.4- Topiaria

Esta poda aplícase sobre especies que admiten o recorte e que se encontran dirixidas cara a unha forma determinada (Topiaria)

A súa misión é manter e conservar a forma na que se talaron inicialmente, realizando recortes periódicos, cunha frecuencia que varia segundo as especies.

REFRÁNS

- Inxerta en abril e, ós tres anos ,collerás uvas mil.
- As flores e a ocasión son de pouca duración.
- Moita flor na primavera, bo outono nos espera.
- Árbore que torta medrou, nunca se endereitou.
- Se queres boa sementeira, por San Mateo sementa a primeira.

Consellos para o coidado das túas plantas

PLANTAS CON BO ASPECTO.- Se queres te-las túas plantas sempre brillantes , soamente tes que pulverizarlles auga tódolos días pola mañá cedo, e o seu aspecto cambiará moito.

AUGA PARA REGAR.- Unha boa auga para rega-las túas plantas, é a que se recolle no depósito do deshumidificador. Gardarémola nunha botella e irémola utilizando para regar.

CONTRA O PULGÓN.- Cando as nosas plantas se ven atacadas polo pulgón, para eliminalo colleremos unha presa de ortigas e metémolas nunha tina, cubríndoas con auga e deixándoas durante sete días a macerar. Despois collemos medio litro do caldo de ortigas e rebaixámolo engadíndolle litro e medio de auga. Con ese líquido pulverizamo-las follas da nosa planta, e veremos como en dous días desaparece todo o pulgón.



ABONO PARA AS PLANTAS.- O mellor abono natural para as nosas plantas, podémolo facer tamén con ortigas, xa que teñen gran cantidade de nitróxeno e danos un bo abono. Para facelo colleremos un quilo de ortigas e metémolas nunha tina cubertas de auga e deixámolo macerar durante un mes. A continuación quitamos as ortigas e aumentámoslle o dobre de auga para rebaixalo. Xa temos listo o abono para as nosas plantas, que utilizaremos para regar con el unha vez ó mes .

PROTEXE OS TEUS AMORODOS.- Para que as babosas e caracois non che coman os amorodos ou as leitugas, soamente terás que botarlle ó redor da planta as borras do café, e verás como non se acerca nin unha babosa. Se necesitades moita cantidade podedes pedir que volas garden nun bar.

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
Y DECORACIÓN
SANEAMIENTO-FERRETERÍA-BAZAR

ALMACENES
LUIS CALVO

Avda. Marqués de Figueroa, s/n
15560 SAN SADURNIÑO
Tel. 981 490 103
Fax: 981 490 057

Ctra. Castilla 176-178
15404 FERROL
Telf: 981 947 440

Artemisa
Sistemas Informáticos, S.L.
Servicio Técnico Propio
Sistemas Informáticos a medida
Una Solución para cada Necesidad
Españoleto, 46 -Bajo
15403 - Ferrol
Tlf. 981 325 958
Fax. 981 325 878
artemisa.informatica@infonegocio.com

TALLERES OUTEIRO
Ford
Servicio Oficial
Ctra. General
15560 OUTEIRO - SAN SADURNIÑO (A CORUÑA)
E-mail: www.tallouteiro@adeauto.net
Telf: 981 495 211
Fax: 981 495 266

autoescola
IRMANDIÑOS
15560 SAN SADURNIÑO
A CORUÑA
TEL: 981 490 525

ASESORÍA
TRASANCOS
GRADUADOS SOCIALES
FISCAL, LABORAL E S. SOCIAL
Estrada de Castela, 118 - Echán - Narón
Telf: 981 382 028 - Fax: 981 391 289
Lg.Outeiro, s/n - San Sadurniño
Telf: 981 490 232 - Fax: 981 490 232

BAR
René
PEDROSO

Construcciones
COFEVI, S.L.
José Enrique Carregado García
C/ Pontevedra, 17 - Bajo
Telf. / Fax: 981 311 550 - Oficina
Telf. Part. 981 316 506 - Móvil: 646 952 900
15403 FERROL

Mesón
A Granxa
Telf: 981 490 212
SAN SADURNIÑO (A Coruña)

SANTOS
CAFÉ - BAR
PERRUQUERÍA
Avda. Marqués de Figueroa
SAN SADURNIÑO
Telf: 981 490 144

MÁRMORES E GRANITOS
Javier Barcia
Teléfonos:
Moeche: 981 404 255
San Sadurniño: 981 490 612

Casa
Ermitas
Ultramarinos
Vinos y Comidad
LAMAS
SAN SADURNIÑO
(A Coruña)
Telf: 981 490 157

FARMAVETERINARIA
Y PARAFARMACIA
Medicamentos Veterinarios,
Productos Zoosanitarios y
Fitosanitarios
Herboristería, dermatología,
Higiene dental,
Complementos infantiles
C/ O Rosal 15-17
Narón (A Coruña)
Telf/Fax: 981 384 767

LECHE CERTIFICADA
BOHAL
Calidad y servicio desde 1966
Propes - 15560 San Sadurniño
A Coruña
Telf: 981 490 351

aquigreen
MAQUINARIA PARA JARDÍN Y CONSTRUCCIÓN
Servicio Técnico Propio.
Distribuidor de: Honda Kawasaki
EFCO - MTD
Eduardo Vigo Méndez
J. Ramón Lage Pérez
Ctra. De Castilla, 298 . 15404 Ferrol
Telf: 981 330 119 - Fax: 981 330 165 - Móvil: 616 987 611/2

AM
Floristas
Loli Pérez López
C/ Luciano Pita, nº 13 bajo
Telf: 981 413 221
Móvil: 616 595 610
15330 ORTIGUEIRA
(A Coruña)

Café - Bar
DEL PALACIO
San Sadurniño
Telf: 981 490 095

LIBRERÍA
ESCOLAR
OFICINA
BRÉTEMA
REGALOS
DEPORTES
CERÁMICA
Marqués de Figueroa
SAN SADURNIÑO
Telf: 981 490 365

PANADERÍA
INXERTO
SAN SADURNIÑO
Telf: 981 491 114

FARMACIA Y LABORATORIO
ÓPTICA
A. CARAMÉS GONZALEZ
SAN SADURNIÑO
TELÉFONO: 981 490 080

Hostal - Restaurante
Delfino
Telf: 981 404 165
MOECHE

SUPERMERCADO
OUTEIRO
OUTEIRO, S/N
SAN SATURNINO
TELF: 981 491 190

Flor Galicia

Producción de Plantas de Interior y Exterior
Camiño Arriba - Lamas 15562 San Sadurniño
Telf/Fax: 981 430 147
Móvil: 639 013 937 - 669 896 927
E-mail: florgalicia@ctv.es

CAFETERÍA
ATRIUM
Cafes Especiales
y Copas de Helado

Avda. Marqués de Figueroa, s/n
Telf: 981 491 212 / Móvil: 689 832 266
15560 SAN SADURNIÑO (A Coruña)

ANÁLISIS CLINICOS
NARON
ADESLAS - MUFACE - ISFAS
ASISA - HÉRCULES SALUD
DKV PREVIASA - CASER SALUD
C/ 25 de Xullo. Entlo. B
NARÓN
Teléfono: 981 385 816

Casa
FAUSTINO
MERCERÍA E LENCERÍA
OUTEIRO
SAN SADURNIÑO
TEL: 981 490 154

Explotaciones Forestales
J. GUDÍN SABÍN, S.L.
LG. SANGUIÑEIRA - BARDAOS - SAN SADURNIÑO - 15563 A CORUÑA
OFICINAS: SAN RAMÓN DE MOECHE - 15563 A CORUÑA
TELF: 981 404 011 - MOVIL: 647 621 352

CAIXA GALICIA
San Sadurniño
Tel: 981 490 003

Auto - Servicio
SANESTEBAN
Ctra. General ,18 - PEDROSO (Narón)
Telf: 981 368 121

HNOS. FERNANDEZ
Tel: 981.36.25.04 Fax: 981.36.25.00
DOSO - NARON

METALFRA, S.L.
SOLDADURA - MONTAJES
PUERTAS AUTOMÁTICAS Y MANUALES
Telf: 981 490 039
Fax: 981 490 400
Crta. Viduera, S/N
SAN SADURNIÑO
(A CORUÑA)

CONSEGUIR UNHA BOA TERRA.- Para conseguir unha boa terra para as plantas, só tes que meter terra nunha caixa grande e tapala con [illegible] eis e cartón húmidos durante dous meses. Ó cabo duns días, se levanta-los cartóns verás que está pragado de miñocas, que son as que se encargan de procesar toda a terra. Se ademais es afeccionado á pesca de río, terás tamén un sobrante de miñocas. Para utiliza-la terra sen que teña miñocas só temos que coller un pao e chantalo na terra. Unha vez chantado, movémolo con rapidez durante un rato, e veremos como saen todas as miñocas.

METER UNHA FROITA NUNHA BOTELLA.- Se queremos facer un licor de mazá, pera ou de outra froita calquera e que teña unha froita enteira dentro, só temos que coller a botella onde imos facer o licor e, despois de florecer a árbore do froito, metemos a boca da botella pola póla onde está o froito pequeniño e amarrámola con cinta para que non caia, e veremos como se desenvolve a froita dentro da botella. Temos que ter coidado que non se nos pase xa que a botella fai o efecto invernadoiro e a froita se desenvolve máis rápida.

COMO MADURA-LOS KIWIS.- Se temos moita cantidade de kiwis, deixarémolos nunhas caixas ben gardados, e iremos quitando os que imos consumir. Para que maduren rápido, basta con poñelos nun froiteiro con mazás .

CONSERVA-LOS RAMOS DE FLORES.- Para conservar en bo estado un ramo de flores, só temos que cortar un pouco os talos e metelos nun vaso con auga e engadirlle unha aspirina .

COMO SECAR UN RAMO.- Se queremos secar un ramo de flores, só temos que amarralo

IIª FEIRA DA PLANTACIÓN
ANO 1997

VIª FEIRA DA PLANTACIÓN
ANO 2001

VIª FEIRA DA PLANTACIÓN
ANO 2001

IIIª FEIRA DA PLANTACIÓN
ANO 1998

PLANTAS QUE CURAN

O ROMEU

Como é: Arbusto sempre verde e compacto, que chega ata dous metros de altura ó aire libre .As súas follas son aciculares, parecen agullas, de cor verde e azulada, o enves é prateado. As flores azuis celeste, aparecen durante todo o ano nas rexións cálidas e dende principios da primavera ta finais do outono nas máis frías.

tilízase para: Facilita-la dixestión, mpa o fígado e combate o cansancio. O seu efecto ico favorece a circulación. Tamén é eficaz para depresións leves, as xaquecas e cefaleas . Utilizase para tratar a epilepsia e o vértigo. Ten propiedades restauradoras e axuda a recuperarse de enfermidades crónicas e o estrés. Mellora a concentración e a memoria.

Partes que se utilizan: As follas secas e frescas.

Claves do seu cultivo: Pódese cultivar tanto dentro como fóra da casa, sempre que a temperatura non sexa moi baixa. Prefire estar ó sol, moi quente e protexido do vento.

Rego: Convén regala pouco durante o crecemento, pero sen deixala secar.

Abono: O xusto cada mes, de marzo ata finais de agosto.

Hostal - Restaurante
Carballo, S.L.
Vista Alegre, Nº4
Telf: 981 495 300 - 981 362 557
Fax: 981 495 364 hrcarballo@jazzfree.com
15597 NARÓN (A Coruña)

"Flores de maio"

Floriñas do mes de Maio
que naceu ámiña porta,
floriñas do mes de Maio
floriñas da miña horta.

Sodes fragante ledicia,
sodes para min agasallo,
sodes floriñas queridas,
floriñas do mes de maio.

Alegría da miña vida,
suspiros da miña alma,
prodixio marabilloso
que alegra a miña mirada.

Doce agasallo do ceo
que sempre agradecerei,
floriñas do mes de Maio
o meu humilde verxel.

CIPRÉS

Características: Árbore moi lonxeva que pode chegar a vivir ata 500 anos, acadando os 30 metros de altura, cun tronco recto e columnar, de c. ca agrisada, fibrosa e fendida en sentido lor tudinal.

As follas están reducidas á súa mínima expresión en forma de escamiñas romas de 1 mm de longo, cunha glándula resinosa no dorso. Nacen unhas fronte das outras, pero dispóñense de xeito que parecen formar catro ringleiras, tapándose entre si como as tellas nun tellado e sen deixar ollar as ramiñas. Ó machucalas soltan un cheiro a resina.

Reproducción: Multiplícase por semente, aínda que ás veces recórrese ó enxerto para manter algunha variedade.

FIGUEIRA

Características: Árbore corpulenta que en boas condicións pode chegar ós 10 metros e cando son desfavorables non pasa de ser un arbusto raquítico. Xeralmente ten a copa moi ampla en relación coa súa altura.

A cortiza é de cor cincenta e o tronco groso, retorto, xeralmente cheo de rebrotes e chupóns.

As pólas tamén son retortas e ademais colgantes, ás veces incapaces de soportar o seu propio peso. As máis novas teñen pelo e grandes cicatrices que deixan as follas ó caer. De cor verde cando son novas, van cambiando segundo pasa o tempo. As follas son grandes, caducas e nacen alternas.

Reproducción: Reprodúcese por semente, acodo e enxerto. Tamén por estaquiña, que é a forma máis frecuente para comercializar. Modernamente, e en casos especiais reprodúcese tamén por cultivo in vitro.

ACIVRO

Características: Árbore dioica (con pés machos e femias) de folla perenne que pode chegar a medir ata 20 metros, pero que normalmente non pasa de 5, ou 8 mt. e a maioría das veces quédase en arbusto.

A cortiza é lisa, de cor verde nas árbores novas e agrisada blanquecina nas árbores vellas.

As follas son variables dentro da mesma planta, algunhas poden ter o bordo enteiro e liso e outras ondulado e con espiñas que se alternan cara arriba e cara abaixo segundo as ondulacións.

Reproducción: Reprodúcense por sementes e tamén, dificilmente, por estaquiñas novas. Os pés botan moitos gromos novos e tamén agroman despois de cortados resistindo ben as podas. As sementes recentemente collidas non están aínda maduras e xeralmente non nacen ata un ano ou dous despois.



EUCALIPTO

Características: Árbore de folla perenne que pode pasar dos 60 metros de altura que cando é vella ten o tronco retorto, pero que cando é nova teno liso e dereito.

A cortiza despréndese en longas tiras lonxitudinais deixando o tronco de varias cores, como sucede nos plataneiros de xardín. Nas árbores vellas a cortiza da base engrosa e faise rugosa e permanente.

As follas do eucalipto son de distintas formas dependendo da idade da árbore. As de xuventude nacen opostas e abrazando as ramas. As definitivas son colgantes e nacen alternas.

Reproducción: Reprodúcense unicamente por sementes. Estas nacen con facilidade, especialmente en terreos queimados. Rebrota de pé con forza.



CONSTRUCCIONES

CIBREIRO S.L.

C/ Do Pino, 33-35, 1º Dcha.
15407 NARON - Ferrol

Tels. 981 382 763
981 391 485
Móviles: 659 584 816 - 629 338 555

"O mundo dos Gogomelos"

O ano pasado, se vos acordades, desde esta revista dábamos uns consellos prácticos de cómo se recollían, ónde os podiamos atopar, cómo identificalos e cómo cociñalos e degustalos.

Para afondar un pouco máis neste mundo, o mellor que podemos facer é volver a repasar todas aquelas normas que apuntabamos, xa que debemos consideralas como os regulamentos de ouro para aventurarnos neste mundo.

Dito esto, imos dar unha volta virtual. Situémonos no comezo do outono, con ganas de camiñar, saímos pola mañá cedo da casa, e sen ir moi lonxe da nosa zoa (San Sadurniño) imos recoller uns deliciosos cogomelos. Poñemos rumbo á Portela, cerquiña da capela poderemos atopar no medio dos piñeiros uns níscaros e algúns boletus. Se nos diriximos á zona de Santa Mariña, fixarémonos nos campeiros onde atoparemos lepiotas e algúns coprinos, metémonos no medio dos piñeiros e atopamos níscaros, boletus edulis, boletus pinícola, rebozuelos, e se camiñamos por zona de eucaliptos atoparemos tamén gamuzas. Cunha pouca de sorte, e o tempo axeitado, encheremos a nosa cesta.

ABM
Almacenes de Baja y Media
Material Eléctrico
Telf: 981 322 151
Fax: 981 311 841
Avda. Sta. Marina, 77 Bajo
15405 FERROL (La Coruña)

COMO LIMPALAS: Nin sequera os champiñóns que compramos, se deben lavar, xa que as setas absorben moita auga e perden moito sabor. Con paciencia limparémolas cun trapo ou papel de cociña, despreciando a parte baixa do pé, xa que é onde se acumula a terra.

A CONSERVACIÓN

Os cogomelos pódense conservar de diferentes maneiras, e así poderémolos consumir durante todo o ano.

Neste artigo imos explicar a técnica do secado.

O SECADO

Unha vez recollidos, deixámolos sobre un papel durante vintecatro horas. A continuación, limpámolos coidadosamente, e cun coitelo rascámoslles o pé, para quitarlles a terra que poidan ter, despois coa axuda dunha agulla e fío de bramante ímolas cosendo, facendo unha restra longa que colgaremos nun sitio seco, sombrío e ventilado. É a forma de mantelos conservados durante varios meses. Cando os queiramos consumir, meterémolos dúas horas en auga, co fin de que recuperen a textura.

A RECEITA

TORTILLA DE COGOMELOS CON QUEIXO

Aínda que estamos fóra de temporada, esta receita poderémola facer con setas cultivadas, que atoparemos en calquera tenda de ultramarinos, champiñóns, setas dè chopo, etc... Imos preparar unha tortilla de setas con queixo. Para elo, collemos unha cebola e picámola. Cortamos as setas miúdas e poñemos a tixola ó lume cun chisco de aceite. Cando estea ben quente , botamos a cebola e as setas a pochar , mentres imos batindo media ducia de ovos. Cando as setas están pochadas, engadímoslles os ovos, e catro ou cinco rebandas de queixo. Deixámola callar, dámoslle unha volta e retirámola para un prato. Débese comer ben quentiña. Bo proveito.

Cooperativa de Pedroso

- Fábrica de Piensos
- Sección de Crédito
- Sección de Ferretería

Telf: 981 368 216 / 981 368 437 / Fax: 981 368 545
15 597 - NARÓN

CONTOS E PASATEMPOS

***Atopábanse dous paxaros nunha árbore, e dixo un: ¡PÍO!, e contestoulle o outro:¡BEN POIS PÍA!**

***Atopábanse dúas ovellas nun prado e dixo unha: ¡BEEEEE.. !, e contestoulle a outra: ¡ BEEEE....TUUUUU...!**

***Pepe dáme un bico, que tódalas parellas se bican ¡Si pero non as da Garda Civil !**

***Doutor teño un problema, todo o mundo me ignora - ¡ Que pase o seguinte !**

***Doutor teño PAPERAS - ¡Pois tome dous euros PAPLÁTANOS!**

XEROGLÍFICOS

P	*LITIO*	*DOA*
PRONOME		*50 VOCAL*
NEGACIÓN	*PO*	
VOCAL		*VOCAL*

¿ DE QUE FLORES FALAMOS?-

REFRANEIRO

E_ A_R_ _ _U_A_ _I_.

A_A _ C_R_ _T_ _E M_ _ _ _O_ T_
Q_ _T_-L_ S_ _O.

... E estes son os participantes da VIII Feira da Plantación de San Sadurniño

Viveiros "EL CASTRO"

Centro de Xardinería "CHAMORRO"

Viveiro "O POMARIÑO"

A.M. FLORISTAS

Maquinaria "MAQUIGREEN"

Librería "BRÉTEMA"

Artesanía "THALASSOS"

Madeira e Mimbre. "RAMÓN"

Maquinaria "CASIANO"

Churrería "SUSI"

Froitería "M y L"

Ceramista "XELA"

Almacenes SUEIRAS, S.L.

Ctra. Ferrol-Vivero s/n MOECHE - A Coruña
Tlf.- 981/404428 - 981/404484 Fax.- 981/402365
Materiales de construcción - Ferretería autoservicio

Cocina rústica
Azulejo con base porcelánica
Cocinas de leña Berotu

Pavimentos de Gres
para exteriores
Peldaños para escaleras
y piezas especiales



Cementos Cantábrico
-Distribuidor URALITA
-Bloques hormigón
-Vigueta hormigón
pretensada y sobrecarga
-Forjados cerámicos y
de hormigón
-Ladrillo hueco doble y sencillo
-Ladrillo refractario
-Thermoarcilla
-Tejas cerámicas y hormigón
-Tubería de hormigón
-Tubería PVC y Polietileno
-Materiales para drenaje
-Aislantes (expandido y extruido)
-Lámina para drenaje
-Materiales para Saneamiento
-Artículos de fontaneria
-Tornillería general
-Ferretería autoservicio
-Servicio camión-grua



Porcelánicos 40x40 y 60x60
Varios modelos
Desde 22€